

Os avós

Os avós son os pais da miña nai ou meu pai. Os pais da miña nai chámanse Xacinto e Consuelo, e os pais do meu pai chámanse Ana e Antonio. Os pais da miña nai viven en Santa Mariña e os pais do meu pai viven en Cartagena. Levan unha vida diferente porque non viven nos mesmos sitios. Os pais da miña nai están xubilados e dedícanse a os cultivos e ir á misa, e os pais do meu pai tamén están xubilados pero dedícanse a ir a nadar na praia e axudar en Cáritas. Meus avós galegos sempre que vamos á sua casa queren que nos levemos algo do que teñan eles, como comida. Os meus avós son moi bos conmigo porque como eles se dedican á vexetación déixanme un cacho pequeno para que plante as miñas plantas como por exemplo: cenouras, leituga, chícharos, amorodos...

Esta Semana Santa fomos a Los Alcázares porque temos unha casa alí. E xa que os meus avós viven en Cartagena aproveitamos e fomos a velos varias veces. Os meus avós, meus pais, miña irmá e eu fomos a un parque de atraccións, e nos subimos a unhas tirolinas entre árbores e os avós animaban dende abaixo. **EU TEMBLABA MÁIS QUE O VENTO!** E despois fomos a comprar cousas a unha tenda cos meus avós. Os avós tamen nos cuidan aparte dos nosos pais. E despois de ver ós pais do meu pai fomos a Galicia a ver os pais da miña nai. Os dous estaban ben.

Todos os avós son persoas maiores, que teñen vivido moitas experiencias, e por eso poden enseñarnos moitas cousas. Bueno, o certo é que as cousas cambiaron moito de cando eles eran pequenos. Meu avó non me pode ensinar a xogar co ordenador, pero pode facer cousas chulas ca madeira. Por exemplo, a min fíxome unha espada. E miña avoa fíxome unha bufanda calcetando con dúas agullas moi longas. Pero hai algo o que nos gusta xogar a os tres (os meus avós

galegos e a min): ás cartas. De meu avó hai que estar moi pendente, porque se te descoídas fai trampas... Xogamos á "escoba", á "verisca", ó "burro". Nas tardes de choiva e frío é o mellor que se pode facer.